

# O cinema como inscrición oculta do tempo

Un ensaio do profesor Redondo Neira indaga nas vellas filmacións da Sociedade Amigos do Campo

ANTONIO MÉNDEZ / H. J. P.  
REDACCIÓN / LA VOZ

«O mellor que lle pode acontecer a un libro é que os lectores se poñan a cavilar pola súa conta», asegura o profesor de Comunicación Audiovisual na Universidade de Santiago (USC) Fernando Redondo Neira. Tal é o caso da súa última obra, *Os amorados de Bergman*, un ensaio editado por Galaxia que convida a reflexionar sobre o consumo contemporáneo das imaxes e a importancia do cinema e a súa evolución, ou acerca do turismo, as viaxes e a súa relación coa sétima arte, entre outras concepcións. Non só iso, pois o texto de Redondo tamén introduce realidades cotiás máis próximas ao lector: a lembranza e a melancolía, a felicidade e a tristeza ou a diversión.

A xénese de *Os amorados de Bergman* é un conxunto dunhas cen películas gravadas entre o 1925 e o 1934 por un grupo de viaxeiros coñecido polo nome de Sociedade Amigos do Campo. No 2011, o Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) deu a coñecer este corpus fílmico, onde se recrea o gozo da paisaxe, así como instantes do cotián: a reunión con amigos, comidas ao aire libre, romarías... Como escribe Redondo no libro: «Unha visión lúdica do rural galego que se arreda varias leguas da visión dun costumismo inzado de tópicos».

Tras a difusión destas imaxes por parte do CGAI, conta Redondo, nun primeiro momento pensou en desenvolver un traballo de investigación histórica. Finalmente, o escritor de Boqueixón decidiu polo ensaio, co fin de compor unha «reflexión máis persoal e creativa sobre o que mostran as filmacións».

## O significado das imaxes

«As imaxes son evidentes polo que amosan e misteriosas polo que significan, dicía o teórico francés de cinema Jean Mitry», explica Redondo. Con esta consigna na



1



2



3



4

mente, o profesor de Comunicación Audiovisual dispuxo unha pregunta que vertebra o seu texto: que queren comunicar as gravacións dos Amigos do Campo?

*Os amorados de Bergman* intenta dar unha resposta a esta cuestión que, segundo Redondo, áchase nunha «especie de contraplano». Isto é, «o significado destas imaxes pode atoparse no que agochan. O corpus fílmico amosa un afán por recoller momentos felices, pero non achegan a outra parte da vida: a tristura, a angustia, a desesperación, etcétera. Entón, a súa significación maior probablemente

1 Fotograma da filmación realizada pola Sociedade Amigos do Campo en Covas, Ferrol, en agosto de 1926. Todas as imaxes incluídas nesta páxina ilustran e fundamentan o ensaio de Redondo, traballo que foi posible grazas á recuperación no 2011 das películas por parte do CGAI e do seu, naquel entón, director, Guillermo Escrigas.

2 Gravación tomada no Roxal (Neda) en abril de 1929.

3 Praia de Porto, en Ferrol, 1927.

4 Peirao de Curuxeirias, en Ferrol, en outubro de 1926.

te se encontre no que ocultan».

## O cinema de afeccionado

O correspondente do xornal *El Pueblo Gallego*, Alfonso Piñón, foi o responsable de realizar as filmacións coa súa cámara Packard 9,5 milímetros. A Capela, Ribas de Sil, O Cebreiro ou Oseira foron algúns dos lugares aos que se desprazou este grupo de entusiastas da paisaxe. Como anota Redondo, as filmacións «non posúen ningunha pretensión artística, estética ou comercial», é dicir, encádranse no coñecido como cinema de afeccionado. «Son películas abordadas para funcio-

nar como recordos, como unha descrición do paso do tempo e da memoria», sostén o autor. É aí onde xermola a súa importancia: «Nelas está a esencia do que o cine é e representa: o cinema como inscrición do tempo e como materialización dos recordos e o devir temporal».

Escribe o profesor Redondo que, grazas ás filmacións, experimentou unha especie de catarse, afastándose da saturación actual de imaxes e o seu ritmo vertixinoso e achegándose á calma e ao acougo da ollada contemplativa característica daquela época. O seu libro anima a recuperala.

## LITERATURA FANTÁSTICA

**Aranzazu Serrano, primeira española nominada a mejor novela en los European Science Fiction Awards**

La escritora madrileña Aranzazu Serrano Lorenzo optará el próximo sábado a una de las categorías principales de los European Science Fiction Awards en la cita de la Eurocon de Belfast. *Neimhaim. El azor y los cuervos* (Plaza & Janés, 2018) representará a España en la categoría Best Written Work of Fiction; uno de los apartados más prestigiosos de la literatura fantástica europea. LVG

## CINE

**Spider-Man se queda fuera del universo cinematográfico Marvel**

Marvel y Sony no llegaron a un acuerdo para renovar la alianza que permitía que Spider-Man, personaje de Marvel pero cuyos derechos cinematográficos son de Sony, apareciera con Iron Man, Hulk, Thor... en las películas de los Vengadores y el universo Marvel. Disney, matriz de Marvel Studios, exige un aumento del dinero que percibe por las cintas en solitario de Spider-Man, lo que Sony rechaza. EUROPA PRESS



Portada de la revista.

## CULTURA Y OCIO

**Las librerías más antiguas de Galicia, mañana en la revista Fugas**

La revista Fugas, que se entrega mañana con el periódico, hace un recorrido por las librerías más antiguas de Galicia, desde Balmes, que abrió en Lugo en 1870, a Arenas, en A Coruña. Además, varios famosos responden a qué libro se irían a pasar las vacaciones, en un Fugas que entrevista a Cupido, Taburete, Rubén Pozo y Son al Son, y que ofrece las citas de ocio más destacadas para el fin de semana. LVG

## MÚSICA ELECTRÓNICA

**Die Antwoord, acusados de homófobos por un vídeo de una agresión**

El dúo sudafricano de música electrónica Die Antwoord, que actuó en O Son do Camiño 2019, negó las acusaciones de homofobia por un vídeo grabado en el 2012 (publicado y después eliminado) en el que agreden a Andy Butler, líder de Hercules & Love Affair. «No ha sido un crimen de odio, fue una pelea con alguien que nos jodió. No tiene nada que ver con que ese tipo fuese gay», dijo Ninja, el 50 % del dúo. EFE